

Máis de 200 obras
inscritas para o
Festival de Cans, que
será en setembro

Páxina III

Máis de 1.000 prazas
para visitas
teatralizadas no
Castelo de Soutomaior

Páxina IV

Relevo na alcaldía de
Salceda de Caselas

Páxina V

Especial Vía Mariana
Luso-Galaica

Páxinas VI a XI


O Concello de Tui
e ACCEM asinan
un convenio
de colaboración

Páxina XII



Antonio Lomba: "A Guarda non pode seguir estando na periferia e incomunicada"

Entrevista en páxinas XIV e XV



OPINIÓN

Por Manuel Estévez

Xavier Lemos e a Virxe de A Franqueira

O pintor de Vigo, Xavier Lemos acaba de firmar un cadro de grande formato 1,00 m x 1,60 m, dedicado a alcaldesa Honoraria da Vila de A Cañiza, desde 1957, Nosa Señora de A Franqueira. A pintura sería, sen dúbida para estar representada na mostra que tivo lugar en Vigo, baixo o lema -Manificat- e conmemorar o médio século da súa coroación canónica.

Fora o párroco Xavier Alonso, quen propuxera celebrar dun modo especial o aniversario, 50 anos desde que o Obispo Frai Xosé López, impuxo a coroa a Virxe de A Franqueira, un rito que se realiza só con algunhas imaxes con permiso da Santa Sede.

Naquela exposición, figuraba un cadro de Juan Luis López, reflexando o que é A Franqueira e as Romarías, así como unha brochura deseñada polo pintor Urbano Lu-

gris (1908-1973), que anunciaba unha misa -inmemoriam- do poeta de Isorna, Faustino Rey Romero, no Santuario de A Nosa Señora da Franqueira.

O autor da obra "O camarote dun vello mariñeiro", foi tamen autor dalgún cartel da romaría nos anos 70, igoal que os inolvidables fotógrafos Ánxel Llanos e Pacheco deixaron patente a súa mirada da festividade relixiosa e mesmo tamén Cristina García Roderio, a primeira fotógrafa española de Puertollano, alumna de Antonio López e nombrada en 2013 Académica de Belas Artes, coa imaxe "O meniño enferno" 1977, inspirada na romaría que ten lugar nos Montes de A Paradanta.

Foron moitos os creadores chegaron ata o enclave para deixar patente a través das súas obras a devoción a Santa. Un



Obra de Xavier Lemos, no Santuario A Franqueira durante a celebración As Pascuillas

deles o que fora director de Museo do Prado, Fernando Alvarez de Sotomayor y Zaragoza, quen trasladara as telas a "Procesión de A Virxe de A Franqueira" que se exhibe Salón Presidencial do Centro Galego de Bos Aires.

A obra saída do estudio do pintor de Vigo, recrea a Virxe, saíndo no carro de bois do santuario o día da Romería patente durante a celebración das Pascuillas 2021 na Honra da Nosa Señora da Franqueira, no mesmo templo.

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

España 2050, ou mellor 2021?

É significativa a posta en marcha da estratexia España 2050 por parte do goberno de Pedro Sánchez. Pero o contexto da súa presentación non lle axudou en absoluto. Ocorre, probablemente, no peor momento da lexislatura do goberno de coalición.

Ocorre cunha crise migratoria en Ceuta e diplomática con Marrocos. Pero tamén con reveses electorais de forte calado político. Sánchez veu empanada a súa aposta de futuro nun momento en que a tensión política volve a revitalizarse, cun novo goberno nacionalista en Cataluña que prevé outro referendo independentista, e cos ecos aínda presentes da abafante vitoria de Díaz Ayuso nas eleccións madrileñas.

Debe recoñecerse que a aposta estratéxica do actual goberno implica un esforzo para que España logre inserirse nos cambios que o sistema global anuncia este trepidante século XXI. Educación, competitividade, economía ecolóxica, redución da pobreza, todos eles son aspectos chave desta estratexia, en gran medida vinculada aos Obxectivos de Desenvolvemento Estratéxicos 2030 da ONU. Pero estes obxectivos da España 2050 deben comezar a medirse con maior celeridade no momento presente.

Por irónico que poda parecer, a crise con Marrocos revelou algúns síntomas que xa, de antemán e dalgún xeito, contradín algunhas das expectativas trazadas na estratexia 2050. Un deles é o asunto

migratorio, polo demais inevitable e necesario nun mundo cada vez máis multicultural. España non ten capacidade política nin diplomática efectiva para solucionar calquera vía de chantaxe por parte de Marrocos, a quen obviamente lle interesa máis o problema saharauí. A estratexia 2050 fala da importancia xeoestratéxica española. Evidentemente, esa importancia existe, pero está máis ben determinada polas ansias migratorias que ven á península ibérica como a entrada á Europa desenvolvida.

Por outra banda, reformar a economía para facela máis competitiva require investir con firmeza en educación e formación, especialmente ante os retos dixitais que se anuncian no mercado laboral. A estratexia recoñece tamén o problema demográfico determinado polo envellecemento da poboación e o seu peso no gasto social e de

pensións. Este aspecto pode resultar máis determinante á hora de afrontar calquera estratexia de desenvolvemento. E non esquecer que a crise da pandemia está a revelar acuciantes problemas de pobreza e de desigualdade na sociedade española.

De aquí ao 2050 son case trinta anos, practicamente unha xeración que está chamada a acometer esta estratexia. É loable o esforzo do goberno de Sánchez por concibila. O problema é que, aínda que soe dalgún xeito inxusto, a súa posta en escena non albisca precisamente os mellores augurios. Quizáis sexa máis asertivo repensar este presente de 2021 para poder avanzar nas expectativas de futuro en 2050.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO

Máis de 200 obras inscritas para o Festival de Cans, que será en setembro

O Festival de Cans, cuxa XVIII edición terá lugar este ano do 1 ao 4 de Setembro, pechou o prazo de inscrición para concursar nesta edición, logrando superar as 200 obras.

En total, foron 208 curtametraxes, videoclips e obras diversas, as que se inscribiron para buscar un oco entre as curtas finalistas. Inscribíronse un total de 69 obras de ficción, 76 videoclips, 36 obras de non ficción na categoría Furacáns, 9 curtametraxes de animación e 18 obras de diferentes formatos, que van das webseries ás videocreacións.

As obras inscritas, ademais



O cineasta Alvaro Gago recolle un premio na última edición do Festival.

de desde Galicia, chegaron desde cidades do Estado como Madrid, Barcelona, Bilbao ou Valencia e de diferentes países, como Reino Unido, Portugal, Estados Unidos, Alemaña e mesmo Brasil.

Por vez primeira na súa histo-

ria, o festival superará a cifra dos 10.000 euros en premios. Desde a organización comezase un rigoroso proceso de visionado das obras, e un traballo para seleccionar aquelas que estarán na competición oficial.

Cans lanza a campaña de captación de patrocinios e a singular "apadriña ou amadriña un jalpón"

O Festival de Cans continúa buscando apoios e patrocinios, e lanza un ano máis a campaña "Apadriña ou amadriña un jalpón".

Todas aquelas empresas, institucións ou persoas que queiran colaborar co festival de Cans e axudar a sacar esta edición adiante, poden contactar co fes-

tival no correo electrónico: patrocina@festivaldecans.com, ou ben por mensaxe interna a través de calquera das redes sociais do evento.

Licencia municipal para a futura guardería do Polígono da Granxa

A empresa que vai xestionar a futura escola infantil no Polígono Industrial A Granxa dispón de licenza municipal do Concello do Porriño para executar as obras de acondicionamento do local cedido pola Zona Franca. O espazo ten una superficie de 448 metros cadrados e o orzamento estimado das obras é de algo máis de 55.000 euros.

A documentación aportada pola mercantil que dirixe Beatriz Cabaleiro informou favorablemente e a licenza de obra outorgouse con data de 20 de maio, firmada polo concelleiro de Infraestruturas, Pedro Pereira.

Zona Franca cedeu e entregou as chaves en abril de seis locais na planta baixa do Centro de



Entrega de llaves da futura Guardería A Granxa

Servizos en A Granxa onde a firma "Trastes" xestionará una escola infantil con 74 prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos, así como servizos complementarios de 3 a 8 anos.

A futura entrada en funcionamento desta guardería "atenderá

una vella demanda dos empresarios e traballadores dos polígonos industriais do Porriño. Como institucións públicas temos que favorecer e facilitar a conciliación familiar e laboral", segundo declarou a alcaldesa, Eva García de la Torre.

Os jalpóns do Festival de Cans instálanse en Venecia

Desde esta mesma semana, varias maquetas dos xa célebres jalpóns do Festival de Cans, permanecen expostos na Bienal de Venecia de Arquitectura, no pabellón español, onde estarán ata novembro.

Os arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco, do estudio de arquitectura CreuseCarrasco, son os autores deste proxecto que responde á reflexión que formula a Bienal de Venecia na súa XVII edición: "¿Como podemos vivir xuntos?". A través de material gráfico, unha videoinstalación e orixinais maquetas de madeira deseñadas para esta ocasión, estes arquitectos propuxeron unha reflexión arredor da aldea de Cans e o seu territorio, denominada "Cans, arquitectura de consenso". Juan Creus e Covadonga Carrasco afondan no seu proxecto na recuperación do patrimonio, os xeitos de

convivencia e a singular conversión dos espazos cotiás privados en lugares de acción cultural de proxección pública, un dos sinais de identidade do Festival de Cans.

Mais de 400 proxectos foron presentados para estar presentes no Pabellón de España da Bienal de Venecia, dos que só 34 foron seleccionados, entre eles o proxecto relacionado co Festival de Cans.

Convidados en Tánger

Por outra parte, o Festival de Cans foi un dos festivais do Estado convidados a un coloquio sobre festivais e periferia, que tivo lugar no marco do Festival de Cine Africano de Tarifa - Tánger, un dos festivais máis prestixiosos da península. Neste encontro, presencial e online, reflexionouse sobre o feito de organizar festivais e levar o cinema ás pequenas cidades, vilas ou aldeas afastadas dos epicentros culturais habituais.

A alcaldesa reúne en Madrid co "ADIF" para coñecer as xestións para acadar fondos da UE para suprimir o paso a nivel



Eva García de la Torre viaxou a Madrid para manter unha reunión de traballo con responsables do "ADIF" (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) a fin de coñecer de preto como están as xestións que realiza este organismo para acadar fondos para suprimir o paso a nivel do centro urbano do Porriño.

"ADIF" xa anunciara que o o financiamento deste proxecto realizárase con fondos "Next Gene-

ration" da Unión Europea.

A alcaldesa falou con María Luisa Domínguez, directora xeral de Planificación e Proxectos e outros directivos do ADIF.

Eva García comprobou, á altura da Praza de Abastos, o avance das catas xeotécnicas que realizan as empresas "GOC" e "Prointec", contratadas polo ADIF para estes traballos. Os resultados destas sondaxes servirán para definir a solución que contemplará o proxecto de supresión do paso a nivel.

MISCELANEA

O BNG propón un novo instituto público con Formación Profesional en Mos

No pleno de maio, o BNG de Mos presentou unha moción para instar a Xunta á construír un novo instituto público con FP. O portavoz nacionalista, Gustavo Barcia, opina que a creación do novo centro educativo “suporía un impulso para as empresas e a industria asentada no concello, pois permitiría que o tecido produtivo local participara da formación das rapazas e rapaces, mellorando a súa competitividade e a produción”. Por outra parte, a mocidade mosense ten que tras-

ladarse actualmente fóra do concello para acceder á Formación Profesional e a ausencia dun transporte público eficaz obriga á dispor, na inmensa maioría dos casos, dun vehículo propio para acudir diariamente ás aulas.

Reparacións no IES de Mos

O actual IES de Mos conta con aproximadamente 640 alumnos e alumnas, unha cifra moi superior á que estaba prevista no momento da súa construción. “O instituto ten xa máis de 25 anos”, indica Gustavo Barcia, “e é imperioso que se acometa

unha reparación integral do edificio para arranxar pingueiras, humidades e roturas produto do paso do tempo e o uso”. A substitución das cubertas está xa en tramitación na Xunta de Galiza, pero o BNG reclama tamén a creación de novos equipamentos que actualmente non existen. “A crise da covid-19 puxo de manifesto a necesidade de dotar ao centro dun patio cuberto”, insiste o concelleiro, que lembra que, cando chove, “a rapazada ten que estar practicamente apiñada durante o tempo de lecer”.

Saneamento e pavimentación en Arrotea-Lameira (Pontellas) para agosto

O Concello do Porriño agarda iniciar en agosto as obras da rede de saneamento e pavimentación en Arrotea-Lameira, na parroquia de Pontellas, segundo as previsións que manexa Pedro Pereira, concelleiro de Infraestruturas.

O proxecto atópase en fase de licitación. Aínda está aberto o prazo de presentación de ofertas que rematará o 7 de xuño.

O prazo de execución será de 3 meses e conta cun orzamento de 115.632 euros, que vai ser financiado polo “Plan Concellos

2021” da Deputación Provincial.

“A actuación vai permitir deixar rematadas as conexións coas actuais redes de subministración e saneamento do Porriño, a fin de conseguir un todo harmónico e interconectado”, segundo o concelleiro responsable.

Máis de 1.000 prazas para visitas teatralizadas no Castelo de Soutomaior

Máis de 1.000 persoas poderán gozar este verán das visitas caracterizadas e teatralizadas ao Castelo de Soutomaior.

As visitas caracterizadas, a cargo de Aguias e dirixidas ao público adulto, comezaron o domingo, 30 de maio, e estenderanse ata o 25 de agosto. No percorrido, de 60 minutos de duración, as persoas que se acheguen ao castelo camiñarán polo seu parque botánico e o xardín de excelencia internacional, así como coñecerán as árbores senlleiras, o xardín francés, as sequoias ou os viñedos da man de tres mulleres caracterizadas como María Vinyals, Emilia Pardo Bazán e Emilia Lluria. As visitas terán lugar o 30 de maio; os días 6, 13, 20 e 27 de xuño; o 8, 14, 21 e 28 de xullo e o 4,

11, 18 e 25 de agosto en dous pases diarios ás 11 e 13 horas.

No caso das visitas teatralizadas, a cargo de Troula e dirixidas ao público familiar, comezan o sábado 5 de xuño, e estenderanse ata o 6 de setembro. No percorrido, de 60 minutos de duración, as familias coñecerán a historia do castelo a través da peza “Irma e Diña” na que aparecerán personaxes tan coñecidas como Pedro Madruga, Paio Gomes, María Vinyals e as labregas Irma e Diña, que presentarán a dobre visión da historia dende o punto de vista da nobreza e das/dos labregas/os. As visitas caracterizadas terán lugar en xuño os días 5, 12, 19 e 26 en dous pases diarios ás 16.30 e 18.00 horas. En xullo, agosto e setembro haberá catro pases ás 11.00, 13.00, 17.00 e



18.30 horas os días 5, 12, 19 e 26 de xullo; o 2, 9, 23 e 30 de agosto e o 6 de setembro.

O prezo para participar en cada una das actividades é de 8 € por persoa e poden adquirirse desde hoxe mesmo en www.castelodesoutomaior.com.

A alcaldesa de Mos anuncia un Plan Municipal de Apoio á Hostalería



O sector o da hostalería, está a sufrir agora en Mos un novo problema derivado do nivel máximo de incidencia do COVID no que se atopa o Concello e que lles obriga a pechar de novo as súas portas.

É por elo que na sesión da Comisión de Seguimento da Evolución da COVID-19 en Mos, decidiuse a posta en marcha dun Plan Municipal de Apoio á Hostalería mosense. Sobre o devandito plan a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, informou de que se trata dun programa que inclúe una liña de axudas para compensar aos hostaleiros que quedaron fóra do Plan de Rescate da Xunta e outra de subvencións directas aos 75 negocios do sector existentes en Mos.

A primeira das liñas completará o plan autonómico para que chegue ao 100% dos hostaleiros mosenses e está dotada de 25.000 euros.

A segunda liña contempla axudas directas de 1.000 euros aos 75 hostaleiros de Mos, sumando 75.000 euros.

Cómpre lembrar que desde o Concello de Mos xa se decidira tamén o ano pasado a exención de taxas de auga, lixo e vaos como apoio municipal polo peche temporal da hostalería e que se aplicou de oficio a todos os negocios mosenses deste sector.

A exención fíxose efectiva no primeiro recibo do ano 2021 e non tivo que ser solicitada expresamente polos titulares.

A Deputación lanza a segunda aceleradora do comercio de cara a dixitalización das PEMES

O obxectivo de optimizar a competitividade e a eficiencia do comercio da provincia de Pontevedra, a Deputación vén de poñer en marcha a segunda edición da aceleradora que permitirá a este sector mirar cara o futuro mediante a incorporación de novas tecnoloxías vinculadas ás actividades clave de cada negocio. Esta iniciativa desenvolveuse entre o 15 de xuño e o 15 de outubro.

Poderán participar un total de dez empresas. Os interesados teñen de prazo ata as 19.00 horas do 7 de xuño para inscribirse a través do sitio web de SmartPeme (<https://smartpeme.depo.gal/>), posto que a aceleradora está im-

pulsada por esta rede que a Deputación ten espallada por toda a provincia. A aceleradora está aberta a PEMES, persoas emprendedoras, empresarias e autónomas da provincia que desexen reorientar o seu comercio tradicional ou poñer en marcha a súa actividade online. Ademais, nela tamén se poderán levar a cabo novos proxectos e innovar en negocios xa existentes mediante sesións de formación conxunta e titorías personalizadas co equipo asesor de SmartPeme.

A aceleradora levarase a cabo case na súa totalidade de xeito online á vez que se impartirán sesións formativas grupais de xeito presencial.

"Salceda seguirá sendo unha vila de esquerdas e progresista"

Loli Castiñeiras (Movemento Salceda) traspasa o poder municipal a Verónica Tourón (PSdG) en absoluta "normalidade democrática"

Por Roberto Mansilla Blanco

Mediante comunicado formulado "por consensos" e cumprindo co pacto político establecido tralas pasadas eleccións municipais de maio de 2019, a ata agora alcaldesa Loli Castiñeiras (Movemento Salceda) fixo o correspondente traspaso de poder municipal á nova alcaldesa Verónica Tourón (PSdG), quen deberá rexer os destinos da Corporación Municipal desde o vindeiro 15 de xuño ata os próximos comicios de 2023.

Castiñeiras asumiu o poder municipal o 15 de xuño de 2019. No equipo de goberno de coalición, Movemento Salceda mantén as súas catro concellerías e por tres do PSdG.

Durante a lectura do comunicado, na que se explicou o acordo de goberno de coalición pactado entre Movemento Salceda e o PSdG en 2019 que estipulaba este traspaso de poder no ecuador do seu mandato, Castiñeiras salientou que este equipo de goberno é un "mo-

vemento forte, de maioría, un proxecto compartido entre ámbalas dúas formacións políticas". Indicou que "o acordo está pensado para catro anos" e para "a mellora da vida da nosa veciñanza".

Así, "Salceda seguirá a ser unha vila de esquerdas e progresista. Somos xente de palabra e aquí estamos cumprindo con esa palabra. Un proxecto común e de esquerdas, con traballo en equipo que conforma a maioría absoluta na Corporación", destacou Castiñeiras.

Continuidade do goberno

A alcaldesa saínte reforzou o carácter de continuidade do plan de goberno municipal destacando que "seguimos avanzando en proxectos comúns, como "o primeiro convenio para o persoal e o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable", así como apostarán polo remate das obras do Centro de Saúde, a humanización urbana, o centro terapéutico e a ampliación do IES Pedras Rubias.

No referente á nova composición do goberno nas respectivas áreas municipais, Castiñeiras anunciou

que levará agora a responsabilidade de Vías e Obras, unha área "non moi habitual para mulleres, pero a min gústanme os retos", non sen antes felicitar ao concelleiro Miguel González González pola súa xestión nesta área, conservando agora as de Mobilidade, Parque e Xardíns e Servizos Municipais.

Pola súa banda, a nova alcaldesa Verónica Tourón anunciou que o PSdG continuará coas mesmas áreas de goberno. A nova alcaldesa seguirá tamén coas áreas de Urbanismo, Participación Veciñal, Comercio e Emprego, e apostou por "seguir traballando con Loli en Vías e Obras".

En canto ao balance da xestión municipal, Castiñeiras destacou que foi "positivo en tódolos xeitos e relacións persoais" e que se ben "somos partidos políticos e ideoloxías diferentes" tamén "dimos exemplo como equipo" xa que "as discrepancias foron escasas".

Movemento Salceda perde co relevo á actual xefa de gabinete, a ex concelleira de Cultura Teresa Pérez.



A pandemia e o orzamento municipal

Salientou tamén o "apoio mutuo" nun ano tan complexo determinado pola pandemia da COVID 19, destacando avances como "o Comité Sanitario e o Comité Educativo", toda vez no combate da pandemia agradeceu "o apoio de tódolos colectivos", en especial a "lealdade do PP" polo seu apoio para saír adiante con esta pandemia. "O PP de Salceda estivo á altura" declarou a alcaldesa saínte.

Pola súa banda, Verónica Tourón destacou que o equipo municipal estivo "cohesionado desde o primeiro momento", toda vez recoñeceu que cando chegaron ao

poder municipal en maio de 2019 obviamente "nunca esperábase ter que xestionar unha pandemia". Neste sentido, destacou que "fomos un exemplo de democracia e de ser capaces de chegar a acordos".

En canto ao orzamento municipal, tanto Castiñeiras como Tourón salientaron o feito de que o equipo de goberno "foi capaz de aprobar 3 orzamentos municipais en dous anos", un feito que evidencia a "eficacia deste goberno de coalición" para aprobar "orzamentos participativos, transversais en todas as áreas, primando naquelas áreas máis necesarias" para a veciñanza de Salceda de Caselas.

Salceda e As Neves asinan un convenio que facilita a cesión por parte das Neves dunha biotrituradora de refugallo de poda

Alcaldesa de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira, e o alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez, asinaron este venres, acompañados polos concellos de Medio Ambiente dos dous concellos, Rubén González Coto, e Óscar González, un convenio que regula a cesión gratuita, por parte das Neves, dunha máquina trituradora de refugallo de poda e reciclaxe de refugallo vexetais. O mesmo convenio contempla, tamén a cesión do uso dun vehículo de recollida de lixo, durante o período en que se atope avariado algún dos vehículos dos que

dispón o Concello de Salceda.

O alcalde das Neves lembrou que a colaboración entre os dous concellos comezara no anterior mandato, "que queda renovado agora e que se mantén vivo dende hai semanas". Xosé Manuel Rodríguez salientou a importancia de acordos coma este que "serven para que os traballos institucionais teñan como principais beneficiarios as persoas que vive no noso territorio". Rodríguez apostou polo "uso intelixente dos recursos cos que conta o concello das Neves para que sirvan as veciñas e veciños de Salceda, e os que

ten Salceda para beneficiar aos cidadáns das Neves".

A alcaldesa de Salceda de Caselas amosouse "moi satisfeita" de que "sexa posible seguir estreitando lazos de colaboración tan necesarios" e de que "consigamos avanzar na optimización de recursos". Loli Castiñeira apuntou que o primeiro dos convenios de cooperación entre Salceda e As Neves foi o do servizo de Atención Tempera, que atende a nenas e nenos de 0 a 6 anos dos dous concellos e que foi renovado este mesmo ano, co obxectivo de seguir dando resposta ás necesi-



dades destas nenas e nenas con problemas de desenrolo.

Castiñeira engadiu que, se antes era Salceda quen prestaba o seu camión de lixo a As Neves, "agora somos os que nos beneficiamos deste camión e desta tri-

turadora" que, rematou, "nos axudará a cumprir os obxectivos de coidado do medio ambiente dentro do Plan Revitaliza, da Axenda 2030 e do Pacto dos Alcaldes e Alcaldesas para o Clima e a Enerxía (PACES)".

ESPECIAL VÍA MARIANA

ARBO

A Igrexa de Santa María de Arbo, ponte de unión transfronteiriza da Vía Mariana Luso-Galaica

O concello de Arbo é a entrada da Vía Mariana a Galicia

Manuel Xesús Xiráldez González, miñoto arabense.

O Concello de Arbo e a entrada da Vía Mariana a Galicia

Cruzando o río Miño, entre o Concello de Arbo e a Cámara Municipal de Melgaço, a Vía Mariana Luso-Galaica entra a Galicia a través de Santa María de Arbo, punto neuráxico dunha peregrinación bidireccional que parte dende o Santuario da Nossa

Senhora do Sameiro en Braga (Portugal) ao longo de 372 km ata Muxía.

Este concello da comarca da Paradanta, coñecido polo seu acervo vitivinícola e a súa tradicional Festa da Lamprea, converte á Vía Mariana nun punto transfronteirizo de unión, comunicación e coñecemento espiritual. Unha vez neste espazo descóbrense a proximidade da beleza paisaxística do río Miño, as súas ribeiras e cachóns, o


patrimonio histórico das pesqueiras e de riqueza vitivinícola.

O tramo arabense: a Ponte de Mourentán e a Igrexa de Santa María de Arbo.

Á hora de realizar o tramo da Vía Mariana por Arbo débese ter en conta dous puntos ineludibles: a Igrexa de Santa María de Arbo, símbolo actual que representa unha comunidade cristiá e mariana con 800 anos de vida (séculos XII-XIII) e a Ponte de Mourentán sobre o río Deva, representativo do medieval camiño real Ribadavia-Tui.

Unha vez que o peregrino cruza a ponte Melgaço-Arbo sobre as augas miñotas irá á procura da Almuíña, zona que percorrerá entre paisaxes palacianas e vitivinícolas, en paralelo ás ribeiras do río e á vella liña ferroviaria do Miño. Dentro dos itinerarios da Vía Mariana, este tramo por Arbo corresponde á ruta Nº 6 Melgaço-Parada de Achas, que leva ata esta localidade de A Cañiza.

Nas proximidades da Almuíña, o desvío



Igrexa de Santa María de Arbo

cara á Ponte e Coto de Mourentán leva a un punto estratéxico, enclave de belida natureza e testemuña das pegadas da historia sobre as augas do río Deva que

Casa Eligio
RESTAURANTE
Tel.: 986 651 047
C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

Mesón da Lamprea
Angulas - Cordero
Vinos de cosecha propia
Telf. 986 665 489 / 986 665 153
CABEIRAS - ARBO

Adegas Beira Aral - ARBO

Óptica mahen
mahen
Ópticos desde 1939
PONTEAREAS
rúa senén caído, 4

CONFITERIA Regino
Especialidade en rosquillas e melindres
Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.
Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

A Igrexa de Santa María de Arbo, ponte de unión transfronteirizo da Vía Mariana Luso-Galaica

dende A Cañiza vén desembocar no Miño arabense.

Esta contorna ha de espertar no peregrino/a o interese por facer o treito da vereas real que conduce ao templo de Santa María de Arbo, espazo de encontro parroquial e de advocación secular, espléndida torre vixia para unha panorámica de conxunto do territorio arabense e do espazo transfronteirizo galaico-portugués.

A medieval igrexa de Santa María de Arbo atopábase cerca do espazo onde sería construído séculos despois o novo templo parroquial (1780). Era moi estreita e baixa de paredes con cuberta de madeira. Só tiña bóveda a posterior capela de Don Pedro de Rivera, fidalgo e descendente directo dun irmán do fundador da capela citada, nomeada como capela do Cristo ou Santo Nome de Xesús, fundada por Domingo Estévez de Puga a mediados do século XVII.



A importancia histórica da igrexa de Santa María de Arbo confírmase igualmente ao vivir esta parroquia a resistencia contra os franceses e a batalla da Ponte de Mourentán en 1809.

Camiño do Santuario de Santa María da Franqueira: vías alternativas polo Deva ou pola montaña.

Á hora de decidir a partida de Arbo cara Santa María da Franqueira (A Cañiza), o peregrino pode escoller, por conseguinte, entre dúas alternativas, tanto tradicionais coma vixentes, de grande interese natural, histórico e relixioso.

Unha opción é volver de maneira circular á ponte de Mourentán e orientarse a carón do Deva polo camiño que leva a Sande, onde se atopan os recomendados pazo do Pombeiro e ponte de Esmoriz; Varcia, e de Parada de Achas á Franqueira. En partes deste treito están delimitadas rutas como "o Sendeiro da Moura" por territorio arabense e "o Camiño da Raíña" ou o "Sendeiro das fragas e levadas do Calvo e Deva" (Parada de Achas) por territorio cañicense.

A outra opción parte desde a igrexa de Santa María de Arbo cara á montaña da Paradanta polas Laxas, cruce ao monte Castelo (antes da entrada ao Couto), desvío polo Salgueirón, continuación pola Chan do Centeo e O Curro ata chegar á Franqueira.

A peregrinación dos arabenses a Santa María da Franqueira é secular, acontece desde a formación dos santuarios a partir da Idade Media. Os veciños arabenses camiñan cada ano coa Santa do Libramento na vistosa romaría das "Pascuillas", na que procesións de todas as parroquias do Condado e da Paradanta vanse unindo nos antigos camiños que levan á Franqueira coas súas virxes e os seus santos adornados de flores e cadanseu pendón.

Nesta peregrinacións, os rituais son imprescindibles. Os arabenses acoden individualmente ao santuario para cumprir cos seus ofrecementos, noutros tempos mesmo descalzos e sen comer. Tradicio-



nalmente, mozos e mozas tamén facían lazos nas xestas dos arredores en ofrecemento e procura de casamento.

Arbo, a "Vila da Lamprea" e corazón dos Viños do Condado e Albariño

Unha parada para coñecer Arbo está xustificada polo seu interesante patrimonio tanto material coma inmaterial, natural, cultural e relixioso. "A Vila da Lamprea e Corazón do Viños Condado e Albariño", froitos da Terra e do Río, alimentos tan ligados á historia da igrexa cristiá e ás orixes do propio municipio, ofrece gastro-

nomía pero tamén puntos de encontro, de coñecemento e de reflexión, que farán o camiño máis integro.

En Arbo, o peregrino pode atopar unha importante oferta hosteleira tamén ligada á Vía Mariana. Destacan as Casas da Aldea e Pazos, na parroquia de Barcela, Casa Grande Almuiña e o Pazo de Almuiña, na parroquia do mesmo nome, e o albergue rural O Coto, no Coto de Mourentán, que conta cunha praia fluvial. Na parroquia de Sela atopamos igualmente Casa Grego e Casa da Figueira.



ESPECIAL VÍA MARIANA

A CAÑIZA

O Santuario da Nosa Señora da Franqueira, punto estratéxico da peregrinación

A Cañiza, sede oficial da Asociación Vía Mariana Luso Galaica

Textos de R. Mansilla Blanco e
M. X. Xiráldez González

De xeito institucional, o Concello da Cañiza ten unha importancia estratéxica para a Vía Mariana Luso Galaica. Este concello pontevedrés da Comarca da Paradanta acolle a sede oficial da Asociación Vía Mariana Luso Galaica, entidade encargada de promover esta ruta de peregrinación relixiosa.

A Vía Mariana foi promovida a partir de

2017 na parroquia cañicense de Parada das Achas. Esta importancia institucional permitiu que, en setembro de 2017, o Concello da Cañiza asinara un convenio coa Asociación de Veciños de Parada-A Paradanta e a Comunidade de Montes de Parada para impulsar a creación dun Centro de Interpretación do percorrido da Vía Mariana, paradas e santuarios, e dun Albergue de peregrinos na localidade de Feirón, na parroquia cañicense de Parada de Achas, de importancia capital para a ruta de peregrinación pola súa situación xeográfica, a medio camiño entre A Peneda e A Franqueira.

Ademais de información para o peregrino, este centro de interpretación pretende tamén ofrecer a cobertura básica para o peregrino e achegar un valor turístico e cultural engadido á comarca da Paradanta e á Vía Mariana pola Cañiza. Por tanto, o centro de interpretación confirma cómo a ruta de peregrinación relixiosa estase convertendo nun patrimonio propio para A Cañiza, toda vez a Vía Mariana está revalorizando o ecosistema e o atractivo paisaxístico e patrimonial cañicense.

Parada de Achas e a Vía Mariana por A Cañiza

Proveniente do veciño Concello de Arbo, a Vía Mariana transita por A Cañiza a través da estrada PRG-165, ruta denominada Sendeiros dos Bosques e Levadas do Calvo e Deva. Corresponde así á denominada Ruta 6 da Vía Mariana que parte de Arbo ata Parada de Achas, e a Ruta 7 da Parada ata Covelo-A Franqueira. Atopamos aquí unha ri-

queza natural con enorme beleza paisaxística e rutas sendeiras enroladas dentro do Espazo Natura 2000.

Nestas rutas destacan os Sendeiros das Fragas e Levadas do Río Calvo e do Deva. Cunha ruta de 18 km, o sendeiro recupera camiños esquecidos que rodean o vale de Parada de Achas ata o Coto da Vella, con excelentes fragas, o singular bosque de sobreiras e paisaxes de montaña acompañados polo cautivador son dos ríos Calvo e Deva.

O Santuario da Nosa Señora da Franqueira

O punto central da Vía Mariana ao seu paso por A Cañiza é o Santuario da Nosa Señora da Franqueira, cuxa devoción e culto popular está considerado como festa relixiosa declarada de Interese Turístico de Galicia. Este é o santuario mariano máis importante e antigo da Diocese de Tui-Vigo.

O santuario da Franqueira atópase nun lugar montañoso da parroquia de Santa María da Franqueira, ao oeste do Concello da Cañiza, a uns 600 metros sobre o nivel do mar con pequenas aldeas espalladas nas que a vida campesiña se mantíña seguindo as pautas tradicionais da economía agrícola

e gandeira. O edificio do santuario é a súa vez parroquial. Conserva gran parte da construción románica, con incorporacións como o actual presbiterio coa súa cúpula e o baldaquino da Virxe, ámbolos dous do século XVII.

A primeira celebración anual é a romaría



Igrexa da Nosa Señora da Franqueira.



Santuario Señora da Franqueira



Amplios salones para eventos
Local climatizado
Aparcamiento propio

Telf: 986 651 426 / 986 651 388
Rúa Progreso, 15 - A CAÑIZA



Cocido gallego · Cabrito · Caza · Bacalao · Lamprea · Anguilas y Angulas
Carnes gallegas · Mariscos de la ría · Parrillada de pescado · Arroz con bogavante

A CAÑIZA



Centro de Interpretación do Feirón en Parada das Achas.

das “Pascuillas”, cada mes de xuño, o luns seguinte ao domingo de Pentecoste, cincuenta e un días despois da Pascua e a segunda celebración anual é propiamente a romaría da Virxe da Franqueira, os días 7, 8, 9 e o domingo seguinte de setembro, que coincide co nacemento da Virxe María.

No santuario vénrase unha imaxe románica da Virxe, probablemente do século XI, cando o edificio pertencía á orde benedictina que o levantara sobre as ruínas dunha antiga capela. Non se sabe con exactitude en que data comezou alí o culto á Virxe; os testemuños históricos máis antigos remiten ao ano 1056, cando o rei Fernando I cedeu as terras de Santa María da Franqueira aos monxes que xa vivían nesa zona.

No século XIII o mosteiro pasou a mans de monxes cistercienses ou bernardos que dependían do mosteiro de Melón. O século XIV foi o da súa plena consolidación edificándose un complexo monástico do que

só se conserva a igrexa medieval: o templo actual comezou a construírse en 1343 nun estilo románico serodio.

As lendas fan sospeitar que as orixes do santuario incluso poderían remontarse ao século VII, época na que se chamaba “Nosa Señora da Fonte”: a lenda conta que no lugar chamado “O Coto da Vella”, na parte alta do monte Paradanta, había unha gruta e debaixo dela unha anciá pastora encontrara unha imaxe da Virxe, noticia que rápido se estendeu entre os habitantes da zona. Tamén se pensa que no lugar do “Coto da Vella” non existiu tal anciá pastora, senón que en realidade rendíase culto a unha deidade pagá.

A Nosa Señora da Franqueira foi celebrada por ilustres escritores como o poeta galeg Ramón Cabanillas, do mesmo xeito que o escritor e profesor portugués J. Leite de Vasconcelos fixo o mesmo en Melgaço e noutras localidades do Minho coa Nossa Senhora da Peneda.

A Cañiza, "a terra do bo Xamón de Galicia"

Alén do culto á Virxe da Franqueira, en materia de festividades, se algo caracteriza ao Concello da Cañiza é a súa tradicional Festa do Xamón da Cañiza, declarada de Interese Turístico de Galicia e que celébrase cada 15 de agosto desde a súa primeira realización en 1966.

A tradición do xamón na Cañiza remóntase un século atrás, destacando o clima seco e frío desta zona da Paradanta para a curación dos produtos cárnicos do cerdo, en especial o xamón. Outros produtos culinarios como o queixo, a mel e o viño son tamén celebrados ao carón desta festividade. Por esta razón, A Cañiza é coñecida como "a terra do Bo Xamón de Galicia". En marzo tamén celébrase a Festa do Lacón con Petelo.

A oferta gastronómica cañicense complétase cunha óptima rede de establecementos hostaleiros que permiten degustar estes produtos. Destacamos así o complexo hostaleiro "Os do Resero", con especialidades cárnicas e tamén da lamprea acompañados de viños da Paradanta. Igualmente, destaca o acervo gastronómico do Restaurante "Reveca", con especialidade na lamprea.

Adicionalmente, A Cañiza conserva un importante acervo en canto a patrimonio arquitectónico que adornan as súas parroquias, con salientables igrexas e capelas, pazos e casas señoriais, cruceiros, un castro celta (A Citania Celta da A Cidade, aínda por rehabilitar), petos de ánimas, muíños e pontes románicas que o peregrino da Vía Mariana poderá observar durante o seu traxecto.



As Fragas das Levas.



ESPECIAL VÍA MARIANA

COVELO

A Vía Mariana por Covelo

Unha experiencia única de peregrinación e riqueza histórica e natural

Por Roberto Mansilla Blanco.

A ruta de peregrinación da Vía Mariana Luso-Galaica entra dende Portugal a Galicia polo Concello pontevedrés de Arbo, percorrendo posteriormente, nas comarcas do Condado-Parandanta, os municipios de A Cañiza e Covelo. Deste xeito, Covelo achega un relevante patrimonio para esta ruta, repartido a través das parroquias que recorre; Prado de Canda, A Lamosa, Santiago de Covelo, Santa Mariña de Baldomar, Casteláns e Barcia de Mera.

Sexa dentro do propio Concello como nos que comparte con localidades veciñas como A Cañiza, Covelo acolle importantes santuarios e centros de culto popular para esta ruta relixiosa mariana, nos que destacan o Santuario da Virxe da Franqueira, Santiago de Prado de Canda, a Virxe do Libramento de A Lamosa, Santiago de Covelo, o Santuario de Santa Mariña ao Pé da Cruz, os restos da igrexa románica de Santa María de Casteláns, a mesma igrexa de San Esteban de Casteláns, o sorprendente conxunto abacial de San Martiño de Barcia de Mera e, como remate no municipio, a capela, construída pola Inquisición, no increíble paraxe de San Xoán de Mosteiro, no río Alén.

A importancia desta ruta de peregrinación no seu paso por



Vía Mariana en Covelo no 2019.

Covelo ten atraído a diversos peregrinos de países como República Checa, Hungría, Alemaña, Italia e, especialmente, España e Portugal.

Mosteiros, abadías e igrexas

Os traxectos da Vía Mariana por Covelo comezan dende o veciño Concello da Cañiza por A Franqueira. Un pasosimbólico é o Coto da Vella, que parece referirse á mesma “bella ou moura” presente dende o neolítico en todo o territorio. Xa ingresando na parroquia covelense de Prado de Canda, igualmente célebre polos recentes descubrimentos de

xacementos arqueolóxicos e polas súas ancestrais danzas brancas.

A ruta de peregrinación continúa cara A Lamosa e logo diríxese a Covelo o que permite establecer aos peregrinos unha parada para abastecerse e descansar, con aloxamento en Covelo. Xa na mañá seguinte, coas primeiras luces do amencer, iniciase o camiño cara a parroquia de Santa Mariña, e prodúcese a visita obrigada a capela de Santa Mariña ao pé da Cruz, e ao seu sorprendente baldaquino barroco.

En Casteláns atopamos un sitio de paso, cun mosteiro do século

XII e a igrexa de Santa María de Casteláns, coñecida pola devoción a San Bernabéu, cuxos restos foron trasladados ao Concello veciño de Mondariz Balneario. Esta igrexa conserva igualmente influencias arquitectónicas mozárabes.

Casteláns posúe un importante pasado histórico reflectido na súa heráldica, por seren probablemente lugar de establecemento de escribanos e persoas de leis. A riqueza natural desta ruta por Casteláns da conta igualmente de fermosos pazos e poldras para o deleite do peregrino.

Continúa a ruta por San Xoán

de Barcia de Mera, onde atopamos o conxunto abacial de San Martiño, de estilo barroco e do século XVIII. Barcia de Mera tamén é coñecido por acoller un edificio da Santa Inquisición, cunha capela e a carballeira de San Xoán de Mosteiro. Esta parroquia destaca igualmente polo seu acervo vitivinícola, propio dos viños do Condado.

Outra parroquia de interés próxima a esta ruta é a de San Salvador de Prado, veciña do concello ourensán de Avión, e célebre por acoller a romería da Virxe da Xestosa, de gran tradición popular.

Nestas rutas destacan a presenza das praias fluviais, castros, paisaxes e atractivo natural que fan igualmente da Ruta Mariana por Covelo un paso importante para realizar paseos de sendeirismo.

A Virxe do Libramento e o Cruceiro de Covelo

Este patrimonio da Vía Mariana por Covelo nos achega igualmente á Virxe do Libramento, na parroquia de A Lamosa, cuxa devoción é moi venerada polas mulleres provenientes de distintos puntos da península ibérica, especialmente polos seus rituais en torno á maternidade.

A parroquia de A Lamosa tamén é moi coñecida pola Romería do Libramento, que se celebra cada mes de setembro nesa localidade. Na igrexa parroquial destaca igualmente o peto de ánimas e o seu



Complejo Hostalero



RESTAURANTE - ASADOR
JAMONERÍA - EMBUTIDOS - TIENDA
CASA RURAL - PICADERO
GRANJA PROPIA

Tel: 986 652 431 / 986 652 496
Carretera a Crecente, Km 0,6 - A CAÑIZA

ESPECIAL VÍA MARIANA

COVELO



Conxunto abacial de San Martiño de Barcia de Mera.

cruceiro. Na igrexa parroquial de Santiago de Covelo recollense dúas tallas de Santiago; unha como Santiago peregrino e outra como Santiago a cabalo. Xa no centro da vila covelesa atopamos o histórico

Cruceiro de Covelo, que da comezo igualmente a unha ruta importante de peregrinación. Este cruceiro, que data de 1899, foi costeadado por Don Juan Antonio Tielas Fontán, veciño de Covelo, tal e como reza a súa placa e está dedicado ao Santísimo Cristo dos Aflixidos.

Este cruceiro conserva unha exquisita decoración iconográfica, na que destacan as representacións de Cristo crucificado e da Virxe rodeados de anxos, o Espírito Santo, a Virxe da Concepción, figuras bíblicas como Adán e Eva e unha serpe que representa ao Demo. Tamén están presentes as figuras do Santiago Apóstolo e de San Xoán Bautista. Trátase do único cruceiro de Galicia que incorpora alborías laicas da industria, da agricultura e da xustiza. Covelo ten tamén importancia capital para a Vía Mariana

por ser centro de servizos para os peregrinos, especialmente bancarios, farmacias e hostalería, que facilitan a andaina dos devotos desta ruta de peregrinación. Atopamos aquí aloxamentos de peregrinos e centros asociados como Casa Costa (centro de Covelo), restaurante e pensión. Outro establecemento importante é Casa Parranda (Barcia de Mera).

O Museo Etnográfico Pazo da Cruz

Dentro do Concello destaca igualmente o Museo Etnográfico Pazo da Cruz, localizado na parroquia de Santiago de Covelo (A Ermida) e rexentado polo seu impulsor e propietario Maximino Fernández Sendín, coñecido escritor e empresario natural de Oviedo (Asturias).

Este museo consiste nunha casa do século XVII que mantén un óptimo estado, conservando os elementos propios da arquitectura tradicional da época; portón de entrada con cruz e pináculos, patio adoquinado con fonte, vivenda principal e dos caseiros, escaleiras de pedra, cociña antiga con forno de pedra, o "lar" (fogar) e a "parrumeria" (para colocar os enseres da cociña), hórreo, alacenas e cobertizos, entre outros.

Este museo acolle unha das coleccións privadas máis importantes de Galicia, con máis de 4.000 pezas e 3.000 documentos gráficos e audiovisuais que valo-



Praia de Maceira.

rizar o patrimonio histórico, etnográfico e natural tanto de Covelo como de Galicia en xeral. Esta casa tamén acolle a sede do Centro de Estudos de A Paradanta e O Condado e dos Premios Cumios de Suido.

Así, a variedade da riqueza de patrimonio natural, arquitectónico e relixioso fan de Covelo unha ruta de tránsito da Vía Mariana Luso Galaica con enorme achega en canto á experiencia espiritual e de coñecemento histórico.



Sinal da Vía Mariana.



Museo Pazo da Cruz. Cortesía Turismo Rías Baixas



BAIXO MIÑO

TUI

O Concello de Tui e ACCEM asinan un convenio de colaboración

O Concello de Tui vén de asinar, hai uns días, un convenio de colaboración con ACCEM, polo que esta organización realizará diversas actividades en Tui.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, amosou a gratitude do concello polo traballo que levan a cabo dende ACCEM salientando que “o voso papel é fundamental”. Indicaba que “as administracións temos o deber e a responsabilidade de estar preto da cidadanía, especialmente da máis vulnerable”. Por iso salientaba a importancia desta colaboración que agora se establece nun concello “cunha casuística particular por ser transfronteirizo e por ter unha composición moi plural”, e indicaba que en Tui “non temos problemas de convivencia pero si de integración”.

ACCEM ten dous programas en marcha, Gadea e Novicom. A través do proxecto Gadea, des-



tinado a fins sociais, prestan atención especializada no ámbito xurídico e social, a mulleres migrantes que estean en situación de vulnerabilidade. No mesmo asesoran en temas de estranxeiría, permisos de residencia, reagrupamento familiar...

Co proxecto Novicom ofrecen información e realizan campañas de sensibilización sobre a trata de persoas. Tamén contan cun programa de intervención directa con persoas que exercen a prostitución.

Ao abeiro desta colaboración dende ACCEM realizarán un taller formativo “Sensibilización sobre trata de seres humanos, pautas para a identificación de posibles vítimas” dirixido a persoal de Servizos Sociais, Policía Local, e persoal de atención directa.... Tamén organizarán “Dinámicas de grupo en materia de estranxeiría e trata de seres humanos” e obradoiros de formación e sensibilización en institucións educativas e co profesorado xa de cara ao próximo curso.

Tui traballa na promoción do Camiño Portugués dende diversos ámbitos

A Mesa do Camiño de Santiago de Tui reuniuse para abordar a actual situación do Camiño.

Estivo presidida polo alcalde, Enrique Cabaleiro, e contou coa participación do concelleiro de Turismo e Camiño de Santiago, Laureano Alonso, e da concelleira de Comercio, Ana M^a Núñez. Asistiron tamén representantes dos diversos sectores vinculados á xestión do Camiño na cidade coma hostalaría, restauración, empresas de servizos aos peregrinos, movemento asociativo. Tamén estiveron presentes representantes da Igrexa e Francisco Singul Lorenzo, da SA de Xestión do Plan Xacobeo, por parte de Turismo de Galicia.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, indicou que “xa estamos asistindo á presenza dos primeiros peregrinos, logo da pandemia e

dos peches perimetrais e fronteirizos, tanto a nivel individual como de pequenos grupos tanto peninsulares como europeos, sendo un motivo de esperanza”. O alcalde comentou a inmediata licitación por parte do Ministerio de das obras de humanización da Avenida de Portugal e a zona fronteiriza que mellorará substancialmente o lugar, polo que transcorren o Camiño Portugués a súa entrada a Tui tras cruzar a vella Ponte Internacional.

O concelleiro de Turismo e Camiño de Santiago, Laureano Alonso, informou sobre actuacións en torno ao Camiño de Santiago impulsadas por parte do Concello de Tui como a cubrición dos contedores de lixo a mellora da sinalización turística de Tui, ou a creación do Foro do Camiño Portugués. Explicou a posta en marcha do perfil de Fa-



cebook: Camiño Portugués Tui, que ten acadado 1900 amigos en case dez meses.

Avanzou Laureano Alonso a edición do material sobre a peregrinación de León de Rosmithal da que cumpre este ano o seu 555 aniversario, e repasou a edición do folleto “Tui, capital do camiño portugués” e das guías de turismo deseñadas por Sara Quintana e o ilustrador Xosé Tomás. Tamén indicou que se continúa avanzando co proxecto de creación dun centro de acollida de visitantes e peregrinos no cárcere vello, que suporá un investimento de 329.859,49 euros.

A exposición “Inventio Mundi” en Tui



Inaugurouse a exposición “Inventio Mundi” que se pode visitar na Sala de Exposicións Municipal de Tui. A mostra está organizada polo Consello da Cultura Galega (CCG) e pola Secretaría Xeral de Emigración.

No acto inaugural participaron o tenente alcalde de Tui, José Ramón Magán, a concelleira de Cultura, Sonsoles Vicente, a presidenta do CCG, Rosario Álvarez, e o secretario xeral, Antonio Rodríguez Miranda.

A mostra permite achegarnos a figuras relacionadas coas descubertas e viaxes transoceánicas protagonizadas por galegos. Nomes como o tudense Sebastián de Ocampo, o primeiro que demostrou o carácter insular da illa de Cuba en 1508, ou o do grumete Juanes Hernández tripulante da nao Concepción na expedición de Magalhaes.

“Inventio mundi” é unha mos-

tra que recolle unha parte da historia de Galicia que se descoñece, que permaneceu practicamente invisibilizada e da que existen poucos documentos e materiais.

En pouco máis de trinta paneis a mostra explica unha historia da navegación galega que arranca nese interese comercial coas Illas Molucas e remata no século XVII, cando mudan as formas de navegación. Pero tamén está en recoñecer esa historia de navegación que chegou ata os nosos días a través do imaxinario popular e que recolle a nosa literatura. A mostra xestouse en 2019 en plena conmemoración do quinto centenario da saída da expedición Magalhães/Elcano que completaría a primeira circunnavegación do planeta e as súas consecuencias para Galicia.

Poderase visitar en Tui até o 6 de xuño.

MARTIRENA



Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Keila Pousa Arbones | Directora Comercial de Calabizo

"O noso proxecto destaca pola innovación agroalimentaria: converter o primeiro 'chourizo' vexetal"

Fundada en 2015 e con sé en Nigrán, Calabizo foi consolidándose como unha aposta de emprendemento orientada cara o mundo vexano. Hoxe venden en 1.000 establecementos a nivel es-

tatal, dúas cadeas de supermercados galegas e exportan cara Europa e Canadá. Foro A Peneira-Novas do Eixo Atlántico falou con Karla Pousa Arbones, directora comercial de Calabizo.



Podedes comentarnos cando nace Calabizo e sobre o seu modelo de emprendemento?

Unha das fundadoras de Calabizo, traballando de cociñeira nun restaurante vexetariano, detectou que moitos dos seus clientes botaban de menos o sabor de certos produtos cárnicos como o do chourizo ou xamón. E pensou nos chourizos da súa terra, nos chourizos de cabaza e na maneira de convertelos en chourizos 100% vexetais. A nosa receita xorde dos chourizos de cabaza da localidade ourensá do Barco de Valdeorras.

Despois dun tempo de investigación e primeiras probas, fomos capaces de emprender o noso proxecto grazas a presentarnos a unha aceleradora de empresas chamada VIAGALICIA, promovida polo Consorcio da Zona Franca e a Xunta de Galicia. Era a 2ª

edición e, en xaneiro de 2015, o noso proxecto foi un dos 10 elixidos de entre 200, o que significou que conseguíssemos financiamento, préstamos e asesoramento para a posta en marcha do noso negocio. En setembro de 2015 vendíamos os nosos primeiros Calabizos, con moi boa aceptación por parte dos consumidores.

Cantos produtos alimenticios facedes en Calabizo?

Basicamente elaboramos 2 tipos de produto: calabizo, o embutido de cabaza, 100% vexetal e potaxe de garavanzos con calabizo, conseguindo a primeira potaxe vegana do mercado con sabor a potaxe tradicional. De cada tipo de produto ofrecemos diferentes referencias en canto a formato e sabor.

En que espazos comerciais estades traballando?

Os nosos produtos Calabizo es-

tán presentes en preto de 1.000 puntos de venda en España, maiormente en tendas de barrio, tendas especializadas: veganas, ecolóxicas, herboristerías, ecotendas, e cadeas de herbolarios e en 2 cadeas de supermercados galegas, ademais de numerosos restaurantes esencialmente veganos e vexetarianos.

A cantos países exportades os vosos produtos?

En Europa vendemos a algunhas tendas en países como Alemaña, Reino Unido, Francia, Bélxica, Holanda, Finlandia, Portugal e en breve en Grecia. Tamén temos presenza en Canadá.

Como ten sido a receptividade social ao voso emprendemento?

A verdade que desde os nosos inicios o noso proxecto tivo moi boa acollida, tanto polos consumidores veganos, desexosos de

novos produtos veganos á vez que nutritivos, como por consumidores non veganos, que lles preocupa seguir unha alimentación saudable. O noso proxecto destaca así mesmo pola innovación agroalimentaria; fomos capaces de adaptar unha receita tradicional de chourizo galego de cabaza para convertelo no primeiro "chourizo" vexetal do mercado elaborado como tal, seguindo o mesmo modo de elaboración, co seu proceso de afumado e curado. E o mesmo coa potaxe de garavanzos. O noso emprendemento está creado no rural, en Nigrán (Val Miñor) e o noso equipo está formado por mulleres, de máis de 30 anos e que viven na zona, polo que

estamos orgullosas de ofrecer postos de traballo para mulleres no rural.

Recentemente, a Zona Franca anunciou o seu apoio a Calabizo para instalarse no Porto do Molle. Que expectativas tedes sobre este novo salto empresarial?

As instalacións onde estamos situadas actualmente (estamos nunha das naves bioclimáticas de Porto do Molle) estánsenos empezando a quedar pequenas, razón pola cal desexamos dar este pequeno salto, para ser capaces de dar resposta á nosa demanda e aumentar a nosa produción e poder desenvolver máis produtos e ampliar a nosa oferta de produtos vexetais.

Calabizo aposta pola gastronomía vegana. Considerades que está en auxe a nivel mundial este modelo de nutrición?

O veganismo é unha filosofía de vida máis que un modelo de nutrición. Obviamente esta filosofía leva intrínseca unha forma de alimentación, na que se exclúe calquera alimento de orixe animal por respecto cara a eles. O movemento vegano, aínda que é minoritario, está en rápido crecemento, por todo o que está a suceder a nivel mundial: cuestións de maltrato animal, enfermidades que xorden por mor de alimentos de orixe animal, a forma de criar animais que afecta o medio ambiente, aos ecosistemas e dalgunha maneira ao cambio climático.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Antonio Lomba | Alcalde da Guarda

"A Guarda non pode seguir estando na periferia e incomunicada"

Antonio Lomba (PSdeG) é alcalde da Guarda desde 2015, sendo reelixido nas pasadas eleccións municipais de 2019. O rexedor guardense respondeu a Foro A Peneira-Novas do

Eixo Atlántico sobre a actualidade no Concello da Guarda en materia sanitaria, socioeconómica, política, turística e de obras municipais.



Comecemos coa pandemia da COVID 19. Cal é a situación actualmente na Guarda en canto aos contaxios e cómo se están levando a cabo os programas de vacinación?

A situación é boa, a día de hoxe, 31 de maio, temos 2 casos activos, segundo nos comunican do sanidade. A incidencia acumulada a 14 días está por debaixo dos 25 casos por cada 100.000 habitantes e a 7 días non temos novos casos. Os programas de vacinación estaos xestionando directamente por sanidade. En canto ao ritmo de vacinación, eu percibo que a cidadanía está contenta pero A Guarda está moi lonxe de Vigo e non estamos conformes con ter que desplazarnos ao IFEVI para as vacinacións. Sanidade tería que ter bus-

cado unha solución para achegar máis as vacinas ao Baixo Miño.

Qué axudas á hostalería e o tecido socioeconómico están impulsando dende o Concello?

Dende o Concello levamos articulando medidas de apoio dende practicamente o principio da pandemia con diferentes campañas, como a organización da venda por teléfono, o reparto a domicilio ou a plataforma de venda "on line" mercanaguarda. Tamén tomamos iniciativas de eliminación ou rebaixa de impostos ou taxas como no caso das terrazas, que non se pasaron ao cobro no 2020 nin se pasarán no 2021 ou a rebaixa do 25 % da taxa de lixo, que puideron pedir os establecementos que se viron obrigados a pechar no 2020 e poderán volver a pedir no 2021. Ademais das

medidas comentadas, o Concello abriu dúas liñas de axudas directas, unha exclusiva para o hostelería, cunha cuantía total de 55.000 € financiados a través da Deputación de Pontevedra con axudas de ata 700 €, e unha axuda destinada as pequenas empresas e autónomos, con axudas de ata 300 € e un orzamento total de 75.000 €, susceptibles de ser ampliados.

Recentemente, o Concello anunciou un superávit en Tesourería de medio millón de euros. Como serán investidos dende o Concello?

Realmente, cando fixemos a liquidación do orzamento de 2020, tiñamos algo máis de dous millóns de euros. Dende aquela levamos habilitado crédito para algúns investimentos urxentes que non

se podían demorar. Habilitamos crédito para acometer actuacións de mantemento na piscina municipal, a creación dunha nova biblioteca no Centro Cultural, un novo camión de lixo e un sistema anticondensación do pavillón, entre outros. De momento levamos consumido arredor de 600.000 €. Co remanente que nos queda queremos facer fronte a grandes obras que se necesitan na localidade. Pensando na aplicación do remanente agora mesmo estamos traballando na urbanización da rúa

Coruña e na reforma e ampliación do pavillón da Sangriña.

En que medida afectaron á Guarda as restricións e o peche da fronteira con Portugal realizado ata comezos de maio?

Na Guarda, o peche da fronteira afectou de forma moi importante, tanto na economía local, nos nosos comercios e hostalería, como a nivel persoal, nas persoas que se tiñan que desprazarse a traballar a Portugal. Non cabe dúbida de que este peche afectou a toda a raia, tanto aos concellos galegos



A GUARDA

como portugueses. No noso caso afectou dunha maneira moi especial as persoas máis débiles, aqueles traballadores e traballadoras que se viron obrigados a desprazarse ata Tui para pasar a Portugal. Hai que ter en conta que A Guarda, pola distancia e polas malas comunicacións con Tui, está a media hora da ponte internacional o que, enriba da distancia, hai que añadir o tempo que os traballadores e traballadoras Guardeses empregaban cada día para acudir aos seus postos de traballo.

A Guarda e O Rosal estudan concretar un polígono compartido para atraer investimentos galego-portugueses. Cómo vai encamiñado este proxecto?

Estamos traballando con SEA (Suelo Empresarial del Atlantico) e coa súa xerente, Beatriz Sestallo para dar impulso ao noso polígono empresarial, un proxecto sectorial que foi aprobado xa en 2007 pero que leva moitos anos parado. Nestes momentos, a Universidade de Vigo está a redactar unha memoria que xustifique a viabilidade do polígono e as súas características. Entendemos que é fundamental para que este proxecto avance que melloren as comunicacións entre Tui e A Guarda, a Xunta ten que poñer un calendario ao remate da autovía e cumpilo, solo así conseguiremos a viabilidade real do polígono. A Guarda non pode seguir estando na periferia e incomunicada, é de xustiza saír desta situación.

Tamén están as obras para o acceso sur do Porto da Guarda. Ten resposta de Portos de Galicia e da Xunta?

A resposta de Portos de Galicia

foi desfavorable a cofinanciar esta obra que ten como principal obxectivo o de dotar dun acceso digno ao porto da Guarda. Tamén nos está costando conseguir os informes sectoriais para que o proxecto teña os parabéns para a súa execución. Os informes tardan moito en emitirse e, en algúns casos, non facilitan a tramitación do proxecto. Na actualidade, o proxecto redactado en 2018 está sendo revisado polo equipo redactor para propoñer unhas melloras que posibiliten ter un informe favorable de patrimonio. Este é un proxecto estratéxico para A Guarda e, cando teña os informes favorables, o concello debería tirar para adiante con el aínda que tivera que endebedarse.

A Guarda e a Cámara Municipal de Caminha estaban en conversas para crear unha eurocidade. Seguen adiante estas negociacións?

Estamos na fase previa. Para crear unha eurocidade é imprescindible que dúas poboacións fronteirizas estean ben comunicadas, e este non é o caso da Guarda cos nosos veciños de Caminha. Nós pensamos que é imprescindible deseñar o que vai a ser o futuro da comunicación entre A Guarda e Caminha. Para elo é necesario facer un estudo da comunicación para persoas e vehículos entre as dúas marxes do río para poñer en marcha unha solución a medio prazo, dado que o "Ferry" ten nestes momentos un funcionamento moi irregular e resulta improbable que poida manterse durante moito tempo. Que nos pode comentar do proxecto "Trega 2020+5"?

Este é un proxecto que ten

como obxectivo manter de forma permanente traballos arqueolóxicos nun dos xacementos castrexos máis importantes de Galicia. Poñemos en marcha este proxecto porque consideramos que é unha obriga tanto para o concello da Guarda como para a Xunta de Galicia. Se é certo que unha das nosas grandes riquezas é o patrimonio, debemos demostralo investindo nel o que sexa necesario. Dende o concello adquirimos o compromiso de tirar para adiante deste proxecto aínda que non recibamos o apoio da Xunta. Así, este primeiro ano imos a financiar, con fondos exclusivos do Padroado do Monte Santa Trega, a restauración do lintel da porta norte do poboado castrexo.

A Guarda é un paso estratéxico do Camiño Portugués da Costa. A pesares da pandemia, cales son as expectativas do Concello en materia de paso de peregrinos e afluencia turística neste Ano Santo Xacobeo?

O Camiño, dende o seu recoñecemento en 2016, non fixo máis que crecer. Xusto antes do comezo da pandemia, na Guarda todos tiñamos asumido que os peregrinos eran xa parte da nosa vida cotiá. Agora que estamos recobrando o pulso desa vida cotiá tamén estamos recobrando a presenza de peregrinos na Guarda. As expectativas de todos é que o Camiño aínda pode crecer moito en afluencia de peregrinos. Para unha vila turística coma a nosa o escaparate que representan ten un valor incalculable. Na actualidade é o noso mellor medio de difusión turística internacional, temos un camiño fermoso que resulta atractivo a todos os que



pasan por aquí.

De cara ás festas do verán, ve posible realizar este ano a Festa do Monte?

Estamos en contacto permanente coa comisión de Festas para ofrecerlle o noso apoio e colaboración. Esta mesma semana temos unha xuntanza cos representantes das bandas mariñeiras para coñecer a súa postura e trasladarlle as nosas impresións. Pensamos que en agosto a situación sanitaria será mellor que na actualidade debido sobre todo ao importante número de vacinas que se están administrando. De calquera maneira a programación das festas será a que permita a situación sanitaria naquela data. Organizaremos eventos culturais, sociais, deportivos e festivos en función da normativa da Xunta e da situación sanitaria na nosa localidade, con énfase nas medidas de prevención e protección necesarias.

Finalmente, o seu é un goberno en solitario dende a ruptura do BNG en outubro de 2019. Dende entón, que balance pode realizar da política local guardesa?

O equipo de goberno está formado por un grupo de persoas capaces, traballadoras e resolutivas. A verdade é que só teño palabras de eloxio para aos concelleiros e concelleiras que me acompañan nas labores de goberno. Foi unha magoa a falta de entendemento co BNG ao inicio da lexislatura, seguimos considerando que son máis as cousas que nos unen que as que nos separan pero naquel momento non foi posible traballar xuntos. Pola nosa parte estamos satisfeitos coa xestión que estamos levando a cabo, agradecendo igualmente á Deputación de Pontevedra en materia de programa de investimentos.

No único que non estamos satisfeitos é no tratamento que a Xunta de Galicia está dando a nosa localidade. Necesitamos que a Xunta ofrezca aos concellos a transferencia de fondos para investimentos mantendo a autonomía municipal e necesitamos tamén que active e/ou colabore co Concello nas grandes obras e solución de problemas que a Guarda necesita como a autovía a Tui, ou acceso sur ou os problemas no centro de Saúde.

Restaurante

Riveiriña

VIVEROS PROPIOS DE MARISCO

AVENIDA DEL PUERTO, 28
TLF. 986 61 03 56
LA GUARDIA
PONTEVEDRA

José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO

C/ Concepción Arenal 75 2ºG 36780 A GUARDA
Telf. 986 611 005 - Fax 986 611 123
e-mail: rodriguezcasal@notariado.org

Casa Gallega

RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA

C/ Bordadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 90 55 - 56 - Fax 91 550 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com

Novo libro para nenos de Francisco Álvarez Koki

Acaba de saír a rúa o libro para nenos "Olivia e o clarinete máxico" do escritor guardés Francisco Álvarez Koki, con ilustracións do pintor da Guarda, Emilio Baz. A edición é trilingüe, en galego, castelán e inglés.


Francisco Álvarez Koki (A Guarda 1957). Escritor galego e animador cultural. Autor tanto en galego como en Castelán. Residente en Nova Iork onde fundou o colectivo, Celso Emilio Ferreiro, para espallar a cultura galega.

Seus últimos libros publicados en galego son: (literatura infantil ilustrada) Un neno na emigración, Vasoiras Barreiro, edicións Fervenza 2018.; (poesía) A memoria das palabras, edicións Fervenza 2018. ; (narrativa) Ratitas en Manhattan,

edicións Sotelo Blanco 2007.

En Castelán publicou: (Poesía infantil ilustrada) El libro de Lourenzo, Ed. Sial Pigmalión 2018 ; Erótica...2 (antología de toda a poesía amorosa do autor). Sial Pigmalión 2017. Sombra de Luna Sial Pigmalión 2015 : Premio Escriduende, o mellor libro de poesía social da feira do libro de Madrid 2016.

Participou nos seguintes libros: Cuando llegamos (experiencias migratorias). Academia norteamericana da lingua española. Edición de Gerardo Piña. 2020. Escritores españoles nos Estados Unidos. Ed de Gerardo Piña Rosales. Academia norteamericana da lingua española. Seis narradores españoles en Nova York, Edicións Dauro Granada 2006. Mapa de Nova York. edicións El



Vigía Granada 2000. Al fin del siglo (20 poetas) Ollantay Press 2000. Geometría y angustia. Antología de poetas españoles en Nueva York. Edición de Julio Neira para a fundación José Manuel Lara Sevilla 2012.

Foi editor dos libros: Luna y panorama sobre los rascacielos (poetas españoles en Nova York) Ed. Do consulado general de Españoles en Nueva York. 2019. Río – Mar. Edición da Asociación cultural Piueiro. 2019.

Rehabilitado o Lavadoiro da Xixolla



O Concello da Guarda ven de rematar os traballos de rehabilitación e sinalización da Fonte Lavadoiro da Xixolla, sita na Rúa PO-552 na parroquia de Salcidos para contribuír deste xeito á conservación e posta en valor do patrimonio etnográfico existente na vila.

O lavadoiro da Xixolla, datado no ano 1.913 segundo consta na pedra labrada sobre o cano, foi rehabilitada nos anos 90 a través da escola obradoiro renovando a totalidade da cuberta de madeira que substituíu a antiga, copiando e reproducindo ao orixinal dita cubrición que na actualidade, precisaban de traballos de renovación dos aca-

bados, para protexer e prolongar a vida útil dos mesmos.

As actuacións pasan por unha limpeza do conxunto, mediante máquina de auga a presión, cun mimo especial nos elementos de cantería, nos cales a limpeza realizouse dun xeito manual.

Para os elementos de madeira se procedeu á limpeza con maquinaria a presión, e acabado con produtos para protección e tratamento de madeira, así como o repintado das barandas de madeira que dan á estrada PO-552.

Esta actuación realizouse grazas a unha achega da Deputación de Pontevedra de 8178,64€ a través do Plan Concellos.

Homenaxe a Xela Arias

A concellería de cultura do Concello da Guarda, dentro da programación o as nosas letras e a Xela Arias, organizou o sábado día 22 de maio unha homenaxe na que participaron alumnado e docentes do IES A Sangriña e representantes da Agrupación Cultural Guardesa.

Xela Arias foi mestra no Instituto da Sangriña, e tralo seu falecemento o instituto mantivo viva a súa

figura convocando durante case unha década o Certame literario Xela Arias.

Os poemas de Xela Arias estiveron expostos nos escaparates dos comercios da Guarda, xerando así unha ruta literaria pola vila.

O último sábado do mes representouse no Centro Cultural, unha proposta escénica baseada no último libro publicado por Xela Arias, Intempérie (2003), ti-



tulado "Vencerse é cousa de se tratar".

Vídeo do acto: <https://youtu.be/kUKmwqYDZfE>



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41